

Praza número: 15/3012

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: PARCIAL (P04)

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade

Departamento: Economía Financeira e Contabilidade

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.


Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do día 13/10/2015.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. ISAÍAS GONZÁLEZ GARCÍA.**

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición perante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

A Coruña, 16/10/2015

O reitor



Xosé Luís Armesto Barbeito



Gustavo Rego Veiga, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida os días 13 de outubro de 2015, tomou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas nas prazas que se relacionan a continuación,

Praza 15/3004

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución
Dedicación: Parcial (P06)
Área de coñecemento: Zooloxía
Departamento: Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía
Centro: Facultade de Ciencias

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **dona Lucía Couceiro López** e o informe da comisión de selección da praza, acordan ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexetar a reclamación presentada. Ademais, acordase solicitar á comisión de selección que actualice as puntuacións tendo en conta as modificacións recollidas no seu informe do 8 de outubro, e elabore a proposta de asignación da praza coas puntuacións revisadas.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

Praza 15/3011

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución
Dedicación: Parcial (P05)
Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade
Departamento: Economía Financeira e Contabilidade
Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesús Ferreira Seoane** e o informe da comisión de selección da praza acordan:
- Con respecto ao punto PRIMEIRO da reclamación relativo á introdución dun "coeficiente para ponderar o concepto baremado en función da afinidade á área", ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexetar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto SEGUNDO da reclamación relativo á puntuación recibida en cada bloque, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexetar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto TERCEIRO do informe da comisión de selección de data 6 de outubro relativa á "intención de engano na exposición de méritos", manístanse que a comisión de reclamacións non ten competencias para facer unha valoración sobre a autoría dun artigo.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.



Praza 15/3012
Categoría: Contratado/a Interno/a de Substitución
Dedicación: Parcial (P04)

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade
Departamento: Economía Financeira e Contabilidade
Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesus Ferreiro Seoane** e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto PRIMeiro da reclamación relativo á introdución dun "coeficiente para ponderar o concepto baremado en función da afinidade á área", ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeritar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto SEGUNDO da reclamación relativo á puntuación recibida en cada bloque, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeritar a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto TERCEIRO do informe da comisión de selección de data 6 de outubro relativa á "intención de engano na exposición de méritos", manífestan que a comisión de reclamacións non ten competencias para facer unha valoración sobre a autoría dun artigo.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

Praza 15/3024

Categoría: Axudante doutor/a
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Organización de Empresas
Departamento: Análise Económica e Administración de Empresas
Centro: Facultade de Economía e Empresa

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **don Francisco Jesus Ferreiro Seoane** e o informe da comisión de selección da praza, acordan ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexeritar a reclamación presentada.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección e a nova puntuación dos/as concursantes a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.



Praza 15/3033
Categoría: Ajudante doutora
Dedicación: Tempo Completo
Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais
Departamento: Didácticas Específicas
Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACORDOS:

Os membros da comisión de reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **dona María Raquel Vázquez Ramil** e o informe da comisión de selección da praza acordan:

- Con respecto ao punto da reclamación relativo á constitución da comisión de selección da praza, ratificar a decisión da comisión de selección e polo tanto rexear a reclamación presentada.
- Con respecto ao punto da reclamación relativo á valoración da docencia impartida en centros adscritos, ratificar a decisión da comisión de selección por axustarse á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), e considera que esta reclamación tería que terse presentado noutras instancias.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 14 de outubro de 2015

Praza número: 15/3012 Número de prazas: 1
Categoría: Contratado/a interino/a de Substitución
Área de coñecemento: Economía Financieira e Contabilidade
Departamento: Economía Financieira e Contabilidade
Docencia: Materias da área
Centro: Facultade de Economía e Empresa

INFORME DA COMISIÓN

O 5 de outubro de 2015, ás 13:00 horas, reuníase a comisión xulgadora da praza número 15/3012 de Contratado Interino de Substitución da Área de Coñecemento de Economía Financieira e Contabilidade, para impartir docencia na Facultade de Economía e Empresa. O Presidente, Anxo Calvo Silveira, é substituído por Antonio García Lorenzo, por resolución reitoral de data 29 de setembro de 2015, quedando así constituída polos membros que se relacionan:

Presidente: Antonio García Lorenzo (en substitución de Anxo Calvo Silveira).

Secretario: Angel S. Fernández Castro

Vogal 1º: Susana Iglesias Antelo

Vogal 2º: María Flora Muíño Vázquez

Vogal 3º: Emilia Luisa García Arthus

Rep. Trab. (s/voto):: María Mercedes Teijeiro Alvarez

Analizada a reclamación presentada por D. Francisco Jesús Ferreiro Seoane, a comisión emite informe sobre as consideracións do reclamante con acordo aos seguintes argumentos:

PRIMEIRO:

A comisión xulgadora actuou en todo momento dentro das marxes de discrecionalidade técnica, que non arbitrariamente, que lle outorga a pormenorizada normativa. En particular, os criterios publicados (nos apartados en que sexa preciso introducir un coeficiente para ponderar os méritos en función da afinidade de área optouse por aplicar o máximo recollido na normativa cando o mérito teña relación directa coa Área de Economía Financieira e Contabilidade e o mínimo no resto dos casos) axústanse expresamente aos límites establecidos. A afinidade de área interpretouse sempre de xeito colexiado por especialistas na mesma e aplicouse de xeito absolutamente homoxéneo a todos os candidatos. En particular, máis aló das consideracións que deseguido se poidan facer no referente á súa calidade, o reclamante vén desenvolvendo a súa carreira académica (doutoramento, docencia, publicacións,...) en áreas alicias á de Economía Financieira e Contabilidade.

SEGUNDO:

En relación ás alegacións concretas formuladas, a comisión as considera completamente infundadas, como de seguido se xustifica.


A) BLOQUE II: FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSGRAO.

11.1. A comisión entende que o Diploma de Estudos Avanzados en Comercialización e Investigación de Mercados non se pode considerar afin á área de Economía Financieira e Contabilidade, segundo se manifesta na ausencia de implicación da área nunha porcentaxe relevante na docencia do programa. En consecuencia, e en aplicación dos criterios publicados, aplícase o mínimo multiplicador dentro dos límites establecidos.

11.2. A comisión entende que unha tese doutoral relativa ao emprendemento, cunha dirección dende a área de Economía Aplicada, non é relevante na área de Economía Financieira e Contabilidade, polo que se aplica a valoración mínima admitida.

11.3. Neste apartado valóranse os mestrados universitarios oficiais e outros cursos de posgrao universitarios relevantes para a praza. Os estudos enumerados non só non teñen a categoría de estudos universitarios, senón que a súa de falta de afinidade coa área é tan evidente que o reclamante unicamente a reivindicaba expresamente nun deles, relativo a Inspección de Caixas de Aforro e Banca Privada. Nese caso, ademais do carácter non universitario, outro motivo fundamental para negar a súa relevancia para a praza é o carácter do curso, pois na certificación achegada faise explícito que o alumno "estuvo inscrito" no curso "desarrollado en réximen de ensinanza a distancia, y sin exámenes de presencia".

11.4. Neste apartado, de acordo coa normativa, non se computa o coñecemento de inglés, pois non se acredita con diploma oficial, senón cunha declaración dun centro privado. No referente ao gallego, a cualificación outorgada (2,5 puntos) correspóndese ao nivel acreditado (iniciación e perfeccionamento), quedando reservada a cualificación máxima (3 puntos) para o nivel equivalente a CELGA 5. En canto aos cursos de



Praza número:1513012 Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a interno/a de Substitución

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade

Departamento: Economía Financeira e Contabilidade

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Economía e Empresa

formación docente universitaria, a normativa establece que poderán puntuarse con "até 0,25 puntos por cada 10 horas", e a comisión valorou con homoxeneidade a todos os candidatos con 0,05 puntos por cada bloque de 10 horas tendo en conta exclusivamente os cursos relativos estritamente á formación docente relevante, e con 0 puntos ó resto; o cal no caso do reclamante supuxo valorar 11 bloques (correspondentes aos cursos nº 1, 3, 9, 10, 11 e 14 do Anexo 1 da reclamación).

B) BLOQUE III: EXPERIENCIA DOCENTE.

III.1 e III.2. As puntuacións destes apartados poden multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área, polo que, en coherencia cós criterios establecidos e aplicados a todos os candidatos, valorouse unicamente o relativo á área interesada (un cuadrimestre como profesor asociado P3 na área). III.6. "Valoración do último período sometido a Docencia". O reclamante non achega documentación acreditativa do programa Docencia.

III.7. A comisión non considerou relevantes os méritos achegados neste apartado por ningún dos candidatos.

C) BLOQUE IV: PRODUCCIÓN INVESTIGADORA

IV.1. Neste apartado valoráronse todas as contribucións relevantes na área (coeficiente 1,5), en concreto as que no apartado "Comunicacións en congresos internacionais" (0,25 puntos) do Anexo 5 da reclamación aparecen relacionadas nos lugares 13º e 15º. A puntuación dividiuse entre o número de autores (2 en todos eles).

IV.2. Neste apartado valoráronse todas as contribucións relevantes na área (coeficiente 3): tres artigos indexados en LATINDEX ou SCOPUS, os que no Anexo 6 da reclamación aparecen relacionados nos lugares 8º, 13º e 15º. A puntuación dividiuse entre o número de autores (2 en todos eles). IV.4. No caso dos libros e capítulos de libros, o reclamante indica as direccións das webs desde as que están accesibles os documentos como supostos indicios de calidade. Non achega o máis mínimo indicio de calidade real ("número de citas, o prestixio da editorial, os editores, a colección en que se publica a obra, as opinións nas revistas científicas especializadas e as traducións a outras linguas"). A absoluta falta de calidade contrastable e relevancia dos traballos é notoria.

D) BLOQUE V: EXPERIENCIA INVESTIGADORA.

V.2. "Valoráranse as estadías posdoutorais de carácter investigador e/ou formativo, en centros de investigación de recoñecido prestixio, propio da área ou afín, que teñan unha duración mínima de catro semanas, realizadas de forma continua." Ningunha das estadías achegadas supera os cinco días de duración.

V.4.1. e V.6. Os méritos achegados non gardan relación algunha coa área.

V.7. Como "outros méritos" "poden incluírse, entre outros, ser avaliador de publicacións periódicas, a avaliación como investigador da ANEP, formar parte de comisións avaliadoras de proxectos." A comisión non atopou relevantes os méritos achegados neste apartado por ningún concursante.

E) BLOQUE VI: ACTIVIDADE PROFESIONAL RELACIONADA COA PRAZA, FÓRA DO ÁMBITO ACADÉMICO UNIVERSITARIO..

VI.1. O reclamante asume "la premisa de outorgarse 7 puntos por año en funciones relevantes para el perfil de la plaza". Isto diffire substancialmente do contemplado na normativa: "Computarase até 7 puntos por ano na medida en que os postos ou funcións desempeñados sexan relevantes para o perfil da praza e da dedicación a tempo completo ou parcial". Polo tanto, os 7 puntos por ano son un máximo, que se pondera na medida en que sexan relevantes, os postos ou funcións (por certo, non o sector de actividade da empresa, que o reclamante salienta nunha das súas actividades). En particular, valoráronse como relevantes os dous postos que menciona expresamente na reclamación (director financeiro e de control de xestión), contrastando coa meirande parte da súa traxectoria profesional, na que desenvolveu funcións cun carácter máis xeneralista que non supoñen cualificación na área financeira. Os 2 anos na dirección financeira (hai 9 anos) valoráronse co 70% da puntuación máxima, e os 6 anos en control de xestión (hai 12 anos) co 50%.

VI.2. A titulación de alumnos da UDC pode ser valorada con até 0,25 puntos por cada 100 horas, polo que non é contrario á normativa non valorar tal mérito, como o reclamante afirma. En calquera caso, os méritos alegados non se acreditan axeitadamente, como demostra o documento adxunto, no que se comproba a falsidade da atribución de titulación.

Praza número: 15/3012 Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a interino/a de Substitución

Área de coñecemento: Economía Financieira e Contabilidade

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Economía e Empresa

TERCEIRO:

Finalmente, aparte das anteriores respostas concretas ás alegacións do reclamante, a comisión debe facer constar que ven apreciando unha manifesta falta de criterio e/ou intención de engano na exposición de méritos. Isto púxose xa en evidencia no momento de facer as valoracións iniciais, e reforzouse na revisión pormenorizada derivada da súa reclamación. Para xustificar a obxectividade desta afirmación enumeramos unha serie de evidencias que a apoian:

- A temática das publicacións achegadas abrangue áreas tan variadas e alleas á Economía Financieira como o reuma, o emprendemento feminino, a terapia musical, o premio extraordinario da ESO, ou a influencia do contorno familiar no rendemento académico.

- Na maioría das publicacións enumeradas é insostible non xa a súa calidade, senón mesmo o seu carácter científico: como artigos de investigación presenta varias colaboracións na revista Espazo FEE da Facultade de Economía e Empresa e como monografías de investigación chega informes do tipo "Guía de asesoramiento a emprendedores".

- Autoría das publicacións: Esta comisión ten serias dúbidas acerca da autoría do artigo relacionado no lugar 15 na reclamación, "El ICO: agente mediador en la conquista de los mercados internacionales. Unha alternativa a la crisis", logo de ter apreciado innumerables similitudes (máis alá do título) coa tese fin de máster "El ICO: agente intermediario en la conquista de los mercados internacionales" defendida pola alumna Elena P. Castro Pérez. Tendo isto en conta, esta comisión somete á consideración da comisión de reclamacións a revisión da valoración deste mérito.


- Manipulación dos epígrafes do modelo oficial de CV. No apartado "Valoración do último período sometido a Docencia", o reclamante modifica o título tanto no seu CV como na reclamación, substituíndoo por "Valoración do último período sometido a Docencia", e se outorga a si mesmo a cualificación de "Sobresaliente" na solicitude e "Notable" na reclamación. Entendemos que escapa do cometido desta comisión a interpretación do alcance desta manipulación do documento de solicitude. Atribución de méritos que non lle corresponden como a titulación de prácticas en empresa, xa mencionada no apartado VI.2 deste informe, ou a atribución da categoría de "colaborador" do Departamento de Economía Financieira e Contabilidade da UDC durante 3 anos, dentro do módulo de "Docencia universitaria oficial", polo mero feito de ter participado na impartición dun curso para unha empresa privada no que colaboraba este Departamento.

A CORUÑA, 6 de OUTUBRO de 2015

O secretario,



Antes de pasar a seguinte páxina



(P.D. 22. 24/09/2015)

O presidente,

V. e Pr.

Antes de pasar a seguinte páxina